

DOCUMENTO:

**DOCUMENTO PARA TRAMITACIÓN E INFORMACIÓN
PÚBLICA**

ACTUACIÓN:

**MODIFICACIÓN DO ANEXO AO PLAN DE TRANSPORTE
PÚBLICO DE GALICIA SOBRE A ÁREA DE TRANSPORTE
DE GALICIA**

DATA:

22.02.2022

ÍNDICE

| | | |
|----------|---|-----------|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2 | OBJECTO E CONTIDO | 6 |
| 2.1 | OBJECTO | 6 |
| 2.1.1 | OBJECTO DO ANEXO AO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA..... | 6 |
| 2.1.2 | OBJECTO DESTE DOCUMENTO | 7 |
| 2.2 | TRAMITACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA | 8 |
| 3 | ÁREA DE TRANSPORTE DE GALICIA (ATG) | 8 |
| 3.1 | INTRODUCCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL | 8 |
| 3.2 | FOMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO | 17 |
| 3.2.1 | MELLORA DA CONECTIVIDADE ENTRE AS REDES DE TRANSPORTE PÚBLICO | 17 |
| 3.2.2 | INCREMENTO DA OFERTA DE TRANSPORTE PÚBLICO | 17 |
| 3.2.3 | MELLORA NA INFORMACIÓN E NAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS AO TRANSPORTE COLECTIVO | 19 |
| 3.2.4 | POLÍTICA TARIFARIA | 21 |
| 3.2.5 | SEGUIMENTO E DURACIÓN | 37 |
| 3.2.6 | MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DOS CORRESPONDENTES CONVENIOS | 38 |
| 3.2.7 | OUTRAS CONDICIÓNS | 40 |
| 3.3 | RELACIÓN CON OUTRAS INICIATIVAS | 42 |
| 4 | IMPLANTACIÓN | 42 |

1 INTRODUCCIÓN

Ao abeiro do establecido no artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia redactou o Plan de Transporte Público de Galicia para a actualización do sistema de transporte público de Comunidade Autónoma, que se configura como o instrumento mediante o que se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan no seu ámbito territorial.

Segundo o previsto na Lei 10/2016, do 19 de xullo, o Plan de Transporte Público de Galicia concreta a rede de transporte público de Galicia da competencia da Xunta de Galicia, establecendo:

- Os servizos e territorios potencialmente afectados polas futuras adjudicacións dos servizos.
- Os tipos de adjudicación previstos para cada servizo.
- Os supostos e as condicións de integración de servizos de transporte público regular de uso xeral e de uso especial.

Para iso, a partir do obxectivo xeral do Plan de Transporte Público de Galicia, que non é outro que acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia, a través dos diferentes apartados que compoñen este documento desenvólvense uns obxectivos máis específicos que, seguindo o indicado na Lei 10/2016, do 19 de xullo, son os seguintes:

- Facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental.
- Fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.
- Facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.

Así, ao longo dos diferentes apartados que compoñen o documento, desenvólvese o contido do Plan de Transporte Público de Galicia, incluíndo, segundo vén recollido no anexo da Lei 10/2016, do 19 de xullo, os seguintes aspectos:

- Desenvolvemento dos seus obxectivos.
- Programación de licitación dos contratos de servizos públicos de transporte regular de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia.
- Clases de transporte público que resultarán aplicables en cada ámbito territorial.
- Modelos de xestión de servizos baixo demanda.
- Requisitos básicos que deba cumprir a oferta de transporte público.
- Normas de calidade.
- Sistemas de tarificación.
- Prioridades referentes á modernización do sistema de transporte.

- Condicións básicas de dereitos e obrigas das persoas usuarias.
- Procedemento de seguimento do cumprimento.

No documento tamén se resume a tramitación que se levou a cabo ata acadar a aprobación definitiva deste Plan de Transporte Público de Galicia, así como a que será necesaria para a aprobación dos proxectos de explotación a través dos que se desenvolverá posteriormente, definindo, de xeito simplificado, o contido destes últimos.

O documento propiamente dito iníciase cunha introdución na que se explican os motivos que implicaron a necesidade de desenvolver este Plan de Transporte Público de Galicia, e, tras expor o obxecto e contido do documento, realízase unha exposición moi debullada do conxuntode antecedentes que levaron ata el e desenvólvense os seus obxectivos e liñas estratéxicas.

A continuación, faise unha análise da situación actual do sector, que ven condicionada fundamentalmente polo marco territorial e polas dinámicas demográficas da Comunidade Autónoma de Galicia. A conclusión desa análise, reproducida aquí de xeito resumido, é que a continua concentración da poboación en torno a un pequeno número de cidades, ao tempo quese produce un progresivo despoboamento das zonas interiores, provocan un dobre reto para o deseño dunha rede de transporte público eficaz, que responda ás necesidades da cidadanía, como eficiente no que á asignación dos recursos públicos se refire:

Por unha parte, nos ámbitos urbanos e metropolitanos, co aumento da poboación, aumenta tamén de xeito continuo a demanda de mobilidade entre os distintos concellos de cada ámbito e, especialmente, a de conexións de carácter radial entre o concello de cabeceira e os que o rodean. Esa demanda de mobilidade esixe, ademais, unha serie de estándares de oferta de servizos bastante elevados e esixentes, no que se refire, por exemplo, a capacidade, velocidade media operativa e frecuencias.

Por outra parte, nos ámbitos rurais, nos que se manteñen unhas demandas de mobilidade asociadas á necesidade de acudir a servizos que se prestan nas vilas intermedias ou nas cidades (servizos administrativos, sanitarios, educativos,...), tamén se pretende mellorar o servizo de transporte público, co fin último de fomentar as políticas de asentamento de poboación nos ámbitos rurais, para o que é imprescindible que se manteña unha oferta de transporte público atractiva, como unha obriga de servizo público e aínda que para iso, namaior parte dos casos, se requira dunha achega de recursos públicos. Dese xeito, preténdese contribuír a reverter a tendencia ao decaemento progresivo da poboación, e con el da demandade mobilidade. É precisamente nestes ámbitos onde máis sentido ten a implantación de modelos de transporte innovadores, como poden ser o transporte integrado (ou, para ser máis precisos, a reserva de prazas para usuarios especiais, por parte das administracións correspondentes, en servizos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral, tendo en conta, ademais, que, nos casos de reserva de prazas para escolares, garantírase a súa atención prioritaria, a súa máxima seguridade, prevendo a existencia da figura do acompañante, e a calidade nas condicións do seu transporte) ou o establecemento de servizos baixo demanda.

No documento tamén se fai unha análise tanto da rede de transportes sobre a que se

desenvolve o sistema como do propio sistema actual de transporte regular de viaxeiros por estrada, analizando diferentes estatísticas deste.

Iso dá lugar ao desenvolvemento dos diferentes programas que compoñen o Plan de Transporte Público de Galicia, que son os seguintes:

- Xerarquización do sistema.
- Reordenación e mellora de liñas.
- Integración de servizos.
- Implantación de servizos baixo demanda.
- Modernización do sistema de transportes.
- Programa tarifario.
- Programa social.
- Programa de transporte metropolitano.
- Programa de accesibilidade territorial.
- Mellora da calidade do servizo.

Aínda que todos estes programas se desenvolven dun xeito completo ao longo deste documento, considérase adecuado poñer de manifesto a clara aposta que fai o Plan de Transporte Público de Galicia, derivada do propio conxunto dos seus obxectivos, polo fomento do transporte público como parte das políticas sociais da Xunta de Galicia e que, en consecuencia, materialízase nunha serie de aspectos que conforman o seu programa social, que se desenvolve a través de diferentes iniciativas.

Nese sentido, e en liña coa 11ª resolución aprobada polo Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 9 de outubro de 2018, no marco do debate anual de política xeral, o Plan de Transporte Público de Galicia prevé unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención ás zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración dos concellos e as deputacións provinciais, permitindo a execución dunha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios das tarxetas TMG e Xente Nova, ao tempo que se garante a prestación de servizos axeitados a cada zona, evitando a circulación de vehículos baleiros ao tempo que se atende ao maior territorio posible aproveitando os beneficios de novas modalidades como o transporte compartido ou o transporte baixo demanda, garantindo, neste último caso, un funcionamento do sistema acaído ao perfil e ás necesidades das súas persoas usuarias.

Outro dos eixos polos que aposta como parte do programa social do Plan de Transporte Público de Galicia é o de garantir e mellorar as condicións de traballo no sector, a través de mecanismos como a obriga de subrogación do persoal ou a potenciación da súa formación.

O documento base do Plan de Transporte Público de Galicia foi sometido a información pública por un prazo de 20 días hábiles, e logo da análise e resposta das alegacións recibidas e da incorporación dos cambios derivados daquelas alegacións que foron estimadas, foi sometido ao informe do Consello Galego de Transportes, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. O Plan de Transporte Público de Galicia tamén foi sometido ao informe da Dirección Xeral de Orzamentos e

Planificación da Consellería de Facenda, ao abeiro do establecido no apartado 3 do artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Así, segundo o indicado no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) foi aprobado, logo de deliberación, polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de novembro de 2018.

Posteriormente, a Xunta de Galicia procedeu á elaboración e tramitación dun documento anexo ao PTPG sobre a Área de Transporte de Galicia, co obxectivo de complementar as previsións do propio PTPG de ofrecer unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención ás zonas con poboación máis dispersa, para o que, contando coa colaboración dos concellos e as deputacións provinciais, establece unha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios asociados ás bonificacións nas tarifas de transporte das áreas de transporte metropolitano, ou a posible mellora da oferta de servizos adaptados a cada zona territorial.

O Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia foi obxecto dunha tramitación análoga á do propio plan inicial e, finalmente, aprobado por parte do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25 de febreiro de 2021.

Agora, a través do presente documento, procédese a unha primeira actualización ao contido do dito anexo do PTPG, coa finalidade de acentuar as previsións dirixidas a promover a precisa eficiencia e racionalización na actuación administrativa que del se deriva, e que resulta necesaria para a súa implantación e xestión posterior; e, por outra parte, incorpóranse melloras respecto o texto inicial na liña de acción da Xunta de Galicia dirixida a frear o despoboamento de ámbitos rurais e, en xeral, facilítase a incorporación das entidades locais coa asunción dun criterio de distribución do gasto análogo para o conxunto de servizos, incluídos os que se desenvolven no interior dun único concello.

2 OBXECTO E CONTIDO

2.1 OBXECTO

2.1.1 OBXECTO DO ANEXO AO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

Tendo en conta que, segundo o indicado no seu apartado de conclusións, o Plan de Transporte Público de Galicia prevé unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención ás zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración dos concellos e as deputacións provinciais, permitindo a execución dunha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios das tarxetas TMG e Xente Nova, ao tempo que se garante a prestación de servizos axeitados a cada zona, o obxecto deste Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia é definir cunha maior precisión o funcionamento da antedita Área de Transporte

Público de Galicia, ao tempo que establece previsións específicas dirixidas a facilitar a implantación das accións dirixidas a potenciar o transporte público que nel se determinan nos concellos de tipoloxía rural e menor poboación.

2.1.2 OBXECTO DESTE DOCUMENTO

En concreto, o obxecto deste documento de modificación do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia é incorporar diferentes modificacións promovidas pola Xunta de Galicia, dirixidas, como se indica anteriormente, á actualización ao contido do mesmo.

Así, facilítase unha maior eficiencia e racionalización na actuación administrativa que del se deriva e que resultará precisa tanto para a súa implantación a través da tramitación de convenios de colaboración interadministrativos, como para a propia xestión posterior destes convenios, do proceso de implantación da área, e do sistema de compensacións; clarifícase o alcance da área como comprensiva do conxunto do sistema de transporte público de Galicia na que, por tanto, se prevé a integración de servizos de transporte terrestre (por estrada ou ferroviario) e marítimo en augas interiores; tamén se axustan algunhas definicións e, en liña coas principais demandas percibidas das persoas usuarias, incorpóranse melloras dirixidas a potenciar as actuacións de información do sistema de transporte.

Por outra parte, as modificacións de maior relevancia das que se introducen a través deste documento, cando menos en canto á súa construción institucional, son as referentes á participación no financiamento das vantaxes que se introducen para as persoas usuarias, das administracións públicas locais e autonómica, competentes sobre os servizos de transporte no ámbito municipal e no interurbano, respectivamente; estas modificacións céntranse en dous aspectos: a distribución de financiamento e o apoio da Xunta de Galicia á implantación destas actuacións nos ámbitos territoriais cun maior despoboamento.

En canto á primeira das indicadas medidas, a Xunta de Galicia promove a asunción dun compromiso de financiamento igualitario para todos os servizos que se presten naqueles concellos cualificados para os efectos do presente documento como "non urbanos", modificando a súa participación naqueles servizos catalogados como "locais", de competencia municipal, nos que pasa así a asumir a mesma porcentaxe de bonificación que asume nos servizos "interurbanos"; deste xeito, a participación da Xunta de Galicia, establecida no documento que se vén a modificar no 20%, increméntase ata o 80%, e redúcese a dos respectivos concellos en iguais porcentaxes, dente o 80% ata o 20%.

Por outra parte, introdúcese unha actuación activa da Xunta de Galicia en liña coas accións que promove na loita contra o despoboamento dos ámbitos rurais, de xeito que a Xunta de Galicia adoptará as medidas precisas para a implantación das actuacións de integración tarifaria da Área de Transportes de Galicia no caso de concellos cun subgrao de urbanización baixo ou intermedio que teñan menos de 2000 habitantes, así como no daqueles nos que os resultados dos traballos técnicos levados a cabo deran como resultado unha previsión de bonificación anual inferior a 100 euros, asumindo en ámbolos dous casos a Xunta de Galicia o custe total derivado da implantación das ditas actuacións nestes ámbitos territoriais.

Tendo en conta que as modificacións que se introducen no presente documento afectan, en maior ou menor medida, a diferentes apartados ao longo do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia, estimouse preferible a súa incorporación directamente no propio documento do dito anexo e a súa tramitación directamente como texto consolidado.

2.2 TRAMITACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

Tal e como prevé na Lei 10/2016, do 19 de xullo, o Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia, que debe ser entendido como unha modificación do propio Plan de Transporte Público de Galicia, foi elaborado pola consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de transportes e, logo do seu sometemento a información pública consonte co que establece o artigo 2.3 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, e do informe do Consello Galego de Transportes, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia; xa que logo, será esta mesma tramitación a que se seguirá para a aprobación deste documento polo que se modifica o dito anexo.

3 ÁREA DE TRANSPORTE DE GALICIA (ATG)

3.1 INTRODUCCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL

Dende hai anos véñense poñendo de manifesto nas aglomeracións urbanas a necesidade de adaptar os sistemas de xestión do transporte público aos novos patróns e necesidades de mobilidade da súa poboación. Nesta liña, e como premisa de calquera política pública de mobilidade que pretenda a redución no uso do vehículo particular, resulta esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía.

Nos últimos anos, as Administracións Públicas trataron de facer fronte a este problema procurando a coordinación entre competencias de distinto nivel. Dentro desta liña de actuación, a Administración Autonómica de Galicia, coa constante colaboración das Administracións Locais implicadas, impulsou inicialmente a implantación dunha serie de Áreas de Transporte Metropolitano, que atendían ás principais aglomeracións urbanas de Galicia, sobre a base da colaboración administrativa e a coordinación entre modos de transporte público, co obxectivo final de garantir un servizo de transporte público moderno e de calidade nas citadas áreas urbanas.

Porén, coa experiencia acadada e coa firme vontade de continuar a potenciar o uso do transporte público colectivo en toda Galicia, a Administración Autonómica de Galicia impulsará establecemento dunha Área de Transporte de Galicia (ATG, en diante) que abrangará a todo o territorio da Comunidade Autónoma, estendendo a todo el as vantaxes daquelas Áreas de Transporte Metropolitano, e mantendo a vontade de colaboración con todas as Administracións Locais de Galicia, ás que se lles outorgará a posibilidade de

adherirse á antedita ATG, para mellorar as vantaxes e políticas tarifarias que se lle aplican ás persoas usuarias que realicen viaxes con orixe ou destino nos seus respectivos termos municipais.

O funcionamento da ATG basearase nun conxunto integral de actuacións, entre as que terán unha relevancia específica a integración dos diferentes sistemas de transporte en concorrencia e baixo un esquema tarifario integrado e bonificado.

Dende un punto de vista administrativo, a implantación da Área de Transporte de Galicia levarase a cabo de xeito progresivo, mediante a integración sucesiva do conxunto de concellos da Comunidade Autónoma que así o acorden. Para tal fin, logo da correspondente tramitación e autorización por parte do Consello da Xunta de Galicia, a consellería competente en materia de transporte adoptará o convenio tipo de integración, aberto á totalidade de concellos, e establecerá unha programación para a implantación consonte co indicado na cláusula cuarta deste documento.

A formalización da adhesión das Administracións Locais de Galicia á ATG instrumentalizarase a través da sinatura de convenios bilaterais de adhesión entre cada un deles e a consellería da Xunta de Galicia competente en materia de mobilidade.

Dese xeito, ademais, dáselle cumprimento á 11ª resolución aprobada polo Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 9 de outubro de 2018, no marco do debate anual de política xeral, que estipula que o Plan de Transporte Público de Galicia preverá unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención ás zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración dos concellos e as deputacións provinciais, permitindo a execución dunha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios das tarxetas TMG e Xente Nova, ao tempo que se garante a prestación de servizos axeitados a cada zona.

Así, a implantación da ATG suporá a extensión das vantaxes das que se dispón nas actuais Áreas de Transporte Metropolitano a todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Iso supón que a política de bonificacións tarifarias, para fomentar o uso do transporte público, se podería estender aos 25,1 millóns de viaxes que, anualmente, se realizan no sistema de Transporte Público de Galicia.

Porén, débese ter en conta que unha parte importante desas viaxes (aproximadamente 3,2 millóns de viaxes) xa se atopan bonificadas por algún outro mecanismo dos xa previstos no Plan de Transporte Público de Galicia, e así ven expresamente previsto nos correspondentes proxectos de explotación que o desenvolven. Esas viaxes, ao xa estar bonificadas por esas outras vías alleas á Área de Transporte de Galicia, non poderán ser xa obxecto de bonificación en base a ela. Polo tanto, o número de viaxes que poderían ser bonificadas en base a esa ATG sería a diferenza entre as viaxes totais e esas outras que xa son bonificadas por algún tipo de mecanismo alternativo. É dicir, aproximadamente 21,9 millóns de viaxes ao ano.

Ademais, tendo en conta que o pago coa tarxeta TMG, ou os sistemas tecnolóxicos que a complementen ou substitúan, será un requisito ineludible para poder optar ás bonificacións asociadas á implantación da ATG, pódese estimar que o número total de

viaxes que serían bonificadas no ámbito da ATG sería, aproximadamente, un 80% de todas as que se realicen (por ser esa a porcentaxe actual de penetración do uso da tarxeta TMG nas Áreas de Transporte Metropolitano actualmente constituídas, que se considera asimilable ao previsto na ATG).


Polo tanto, o número total de viaxes que, previsiblemente, serán bonificadas a través da ATG estímase en, aproximadamente, 17,5 millóns de viaxes ao ano.

Por outra parte, a distribución de todas esas viaxes é coñecida, cando menos de forma aproximada, a través da agregación das matrices de viaxes que forman parte de cada un dos proxectos de explotación que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia. Así, por exemplo, o número estimado de viaxes anuais con orixe en cada un dos concellos de Galicia, segundo o previsto neses proxectos de explotación, é o que se amosa na seguinte imaxe:




Como se pode apreciar, a maior parte das viaxes concéntrase no entorno das principais áreas urbanas e, en concreto, en torno ás Rías Baixas, ao golfo Ártabro e no entorno da cidade de Santiago de Compostela.

Pola súa parte, se o parámetro empregado fose o das persoas viaxeiras por quilómetro anuais con orixe en cada un deses concellos, o resultado sería o amosado na seguinte imaxe, cunha distribución parecida, aínda que non exactamente proporcional á anterior:




Dividindo os datos de persoas viaxeiras por quilómetro entre o número absoluto de viaxes con orixe en cada concello, pódese obter o dato da distancia media (en quilómetros)

percorrida polas persoas viaxeiras con orixe en cada un dos concellos de Galicia:



Neste caso, o mapa amosa que as viaxes son, en promedio, máis curtas nas áreas urbanas das principais cidades (onde teñen moito máis peso as viaxes entre a cidade principal e os concellos da súa contorna máis inmediata) e, en cambio, son máis longas nos concellos da periferia da Comunidade Autónoma (zonas montañosas de Lugo e Ourense, costa da Morte,...) ou, simplemente, nos máis distantes desas cidades principais.


Dado que se coñece o número de viaxes que está previsto realizar, dende cada concello ata cada un dos outros concellos de Galicia, e que tamén é coñecido, debido ao esquema tarifario unificado implantado a través do Plan de Transporte Público de Galicia, o prezo do título de transporte correspondente a cada unha desas viaxes, é posible representar tamén o prezo medio das viaxes que está previsto que se realicen dende cada concello:



Este gráfico presenta unha correlación bastante directa co anterior mapa da distancia media das viaxes dende cada concello, o que resulta lóxico, dado que o esquema tarifario unificado implantado a través do Plan de Transporte Público de Galicia resulta proporcional á distancia percorrida en cada viaxe.


Así, os prezos medios máis baixos correspóndense, precisamente, con aquelas zonas (as do entorno das cidades) nas que a distancia percorrida media é, tamén, máis baixa. E viceversa.

Outra visualización interesante é a do número estimado de viaxes que se prevé que realice anualmente, en media, cada habitante, que se obtén ao dividir o número de viaxes previsto entre a poboación de cada concello:



Como se pode comprobar, neste caso destaca que o número máis elevado de viaxes por habitante está previsto, precisamente, nos concellos máis próximos ás principais cidades, especialmente, os do entorno das cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, onde historicamente existe unha maior implantación dos servizos de transporte público, aínda que tamén existen elevados datos de viaxes por habitantes noutras zonas, como no entorno dos Camiños de Santiago (especialmente no do Camiño Francés), nas comarcas do Barbanza, O Salnés e o Morrazo, ou no entorno das cidades de Pontevedra e Vigo.


Por último, dado que se coñece o número de viaxes que está previsto realizar, dende cada concello ata cada un dos outros concellos de Galicia, é posible representar xeograficamente, amodo de arcos de conexión entre nodos, cada unha desas relacións de tráfico, cun grosor proporcional ao volume de viaxes previsto anualmente en cada unha delas.



Así, a simple vista obsérvase a preponderante importancia que, nese sentido, teñen as relacións de tráfico entre as principais cidades de Galicia e os concellos do seu entorno (especialmente no caso das cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra e Ferrol), así como coas outras cidades de Galicia. Destacan tamén os tráxicos internos ás cidades de Ferrol e Pontevedra, ao carecer estas de servizos de transporte público de titularidade municipal, e ser prestado ese servizo, polo tanto, por concesións de titularidade autonómica.

En comparación con esas relacións de tráfico nas que é esperable unha maior demanda, o conxunto do resto de relacións de tráfico presenta un volume de demanda moito máis baixo.

Así, no seguinte gráfico, amósanse eses mesmos datos, pero ordenados segundo o número total de viaxes con orixe en cada concello de Galicia. Así, compróbase que entre 8 concellos (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Oleiros, Ames e Culleredo) xéranse máis da metade das viaxes do Sistema de Transporte Público de Galicia.



3.2 FOMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO

As Administracións Públicas, co fin de promover unha mobilidade sostible e mellorar substancialmente o servizo de transporte público, implantarán unha serie de medidas de fomento do transporte público, no marco da ATG, e nos termos previstos nos correspondentes convenios.

Todas as medidas aquí recollidas van encamiñadas a fomentar o transporte público de viaxeiros e dotar ás Administracións Públicas implicadas de ferramentas específicas que se van desenvolver na ATG e que conducirán á implantación dun sistema de transporte de viaxeiros eficiente que se contemple coma unha alternativa viable á utilización do transporte privado nos desprazamentos que se produzan na antedita ATG. O conxunto de actuacións previstas na ATG agrúpanse ao redor de catro programas complementarios entre si, que se desenvolven polo miúdo nos apartados seguintes.

3.2.1 MELLORA DA CONECTIVIDADE ENTRE AS REDES DE TRANSPORTE PÚBLICO

As Administracións Públicas comprometeranse a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que se incremente a calidade do transporte público na súa totalidade.

Para tal fin, adoptárase medidas para favorecer a integración entre as distintas redes de transporte público afectadas, tanto urbanas como periurbanas, así como a posibilidade de integrar outros modos de transporte de viaxeiros, como os servizos de transporte ferroviario e marítimo, presentes actualmente nas áreas de transporte metropolitana de Ferrol e Vigo, respectivamente, a través dos oportunos convenios de colaboración cos seus prestadores, consonte co que se prevea nos convenios formalizados cos concellos directamente interesados ou beneficiados pola súa implantación.

Esta mellora da conectividade entre as redes de transporte público levarase a cabo mediante a implantación de novos percorridos e/ou puntos de parada nas redes urbana e/ou interurbana, mellorando a funcionalidade do sistema ao aumentar a cobertura directa e a conectividade entre as diferentes redes, así como coa formalización de convenios de colaboración nos que se instrumentalicen outras accións dirixidas a unha maior integración dos diferentes modos de transporte.

3.2.2 INCREMENTO DA OFERTA DE TRANSPORTE PÚBLICO

3.2.2.1 ACORDOS DE ESTABLECEMENTO DE NOVOS SERVIZOS

As Administracións Públicas poderán acordar o establecemento de servizos de transporte de viaxeiros por estrada regulares permanentes de uso xeral no ámbito da ATG, mediante a implantación de novos servizos ou a intensificación doutros xa existentes, co obxectivo

último de mellorar a cobertura e funcionalidade do sistema de transporte público colectivo, baixo dúas modalidades: servizos de interese municipal e servizos de interese metropolitano, co gallo de incrementar o nivel da oferta de mobilidade nos corredores de transporte público.

3.2.2.1.1 SERVIZOS DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU)

Terán este carácter os servizos deseñados para atender, de xeito predominante, necesidades de desprazamento interior dun ou varios Concellos, ben sexan tráfico interiores del/es, ben de conexión con outro/s Concello/s de Galicia.

Os SIMU, en caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polo Concello ou Concellos impulsores. No caso de que sexan impulsados por máis dun Concello, os gastos distribuiranse entre eles atendendo á utilización real dos mesmos, aos quilómetros percorridos e á poboación afectada, consoante coa fórmula de ponderación destes elementos que se concreten no correspondente convenio interadministrativo de colaboración que para tal fin se formalizará entre a Xunta de Galicia e o conxunto de concellos promotores e, no seu caso, coa/s concesionaria que o preste.

A partir da posta en funcionamento do servizo, a dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público calculará e trasladará a cada parte o importe a satisfacer á/s empresa/s contratista/s prestataria/s do servizo.

No caso de que o novo servizo afecte a tráfico preexistentes recollidos nos títulos contractuais de prestación de servizos de transporte regular por estrada de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o servizo será establecido pola Xunta de Galicia. Neste caso, o/s Concello/s interesado/s na posta en funcionamento do servizo deberán asumir expresamente tanto o importe das obrigas económicas que lles correspondan como, no suposto de ser así requirido pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público, a obriga de materializar o pagamento das compensacións económicas que resulten de aplicación, segundo o mecanismo establecido para o efecto no instrumento xurídico que regule a implantación do servizo.

3.2.2.1.2 SERVIZOS DE INTERESE METROPOLITANO (SIME)

Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da Área de Transporte de Galicia ou as súas principais infraestruturas, especialmente cara aos núcleos principais.

A dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público, logo da posta en funcionamento do programa tarifario previsto nos convenios correspondentes, e unha vez que dispoña polo tanto de datos reais de mobilidade, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados, podendo contar, no seu caso, coa/s concesionaria interesada.

O déficit de explotación destes servizos será asumido nun 80% pola Xunta de Galicia e nun

20% polos Concellos nos que teña tráfico autorizado o servizo, debendo os acordos bilaterais de establecemento destes servizos fixar o mecanismo de liquidación e pagamento do importe que corresponda a cada Administración Pública.

3.2.2.2 POLÍTICA TARIFARIA APLICABLE AOS NOVOS SERVIZOS

Aos novos servizos de transporte que se creen de acordo con este programa de actuación, SIMU e SIME, resultaralles de aplicación o mesmo programa tarifario e as mesmas regras de distribución de gasto establecidas para o conxunto da Área de Transporte de Galicia e as especificamente previstas nos convenios correspondentes.

3.2.2.3 IMPLANTACIÓN EFECTIVA DOS NOVOS SERVIZOS

A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación, ben mediante a formalización de modificacións dos actuais contratos de transporte regular de uso xeral, ben mediante a adjudicación de novos contratos. En todo caso, as Administracións Públicas que os promovan asumirán as eventuais compensacións que se deban aboar tanto aos seus prestatarios como aos contratistas dos servizos preexistentes polos tráfico afectados, no seu caso.

3.2.3 MELLORA NA INFORMACIÓN E NAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS AO TRANSPORTE COLECTIVO

As Administracións Públicas comprometeranse á promoción do transporte público colectivo nos seus respectivos ámbitos territoriais e á mellora, dentro das súas respectivas competencias, das **infraestruturas** asociadas ao sistema de transporte público.

Con este programa preténdese renovar e modernizar profundamente a infraestrutura asociada ao sistema de transporte público co obxectivo último de mellorar a súa imaxe e comodidade. Así mesmo, tamén se inclúen dentro deste programa actuacións que van dirixidas a lograr unha mellora na información dentro do sistema de transporte colectivo.

A Xunta de Galicia manterá unha actuación de colaboración, dirixida ao establecemento dun inventario de paradas e á renovación do mobiliario urbano asociado ao transporte público interurbano mediante o subministro de refuxios (en función das dispoñibilidades destes).

Os concellos deberán colaborar coas administracións titulares das vías para inscribir no dito inventario os refuxios existentes, no que farán constar, entre outros datos, a súa titularidade. Os concellos e as administracións titulares das vías actualizarán a información deste inventario, cando proceda, coa substitución do mobiliario existente, novas instalacións ou calquera incidencia ao respecto.

Cando a estrada na que se localicen os refuxios sexa de titularidade autonómica, e se

instalen dentro do dominio público asociado a esta vía, as obras de instalación do refuxio se realizará preferentemente pola Xunta de Galicia (sempre condicionado as disponibilidades orzamentarias). Neste caso, e cando a zona de dominio público non fora suficiente, o Concello deberá poñer a disposición os terreos necesarios para a súa instalación.

No resto de casos, a instalación correrá a cargo do Concello, sen prexuízo da asistencia que asuman as Deputacións Provinciais cara os ámbitos rurais. Nestes casos, será necesario para a entrega de refuxios, acreditar a titularidade dos terreos onde se vaian a instalar, e dispoñer das autorización sectoriais necesarias de acordo á lexislación vixente.

En todos os casos, o subministro do mobiliario urbano asociado ao transporte público interurbano quedará condicionado ao compromiso de asumir a súa titularidade por parte da administración local

Os concellos participantes asumirán o mantemento do conxunto dos refuxios existentes e de nova instalación, sen prexuízo da asistencia que asuman as Deputacións Provinciais cara os ámbitos rurais.

A falta de correcto mantemento e conservación dos refuxios entregados pola Xunta de Galicia en anteriores ocasións, poderá ser valorado negativamente nas seguintes quendas de novas unidades de refuxios a repartir entre os Concellos, ata que os defectos sexan corrixidos

No ámbito da **información**, de xeito complementario á que deban facilitar as empresas prestatarias dos ditos servizos, o conxunto de concellos participantes comprometeranse a colaborar activamente coa Xunta de Galicia na información ás persoas usuarias sobre os servizos de transporte dispoñibles, mesmo facilitando información dos servizos en soportes impresos a aquelas persoas cunha menor capacidade ou posibilidade de acceso a sistemas tecnolóxicos.

De xeito específico, os denominados neste documento como “concellos urbanos”, así como aqueles outros que dispoñan de servizos locais da súa titularidade, asumirán o compromiso de remisión á Xunta de Galicia da información da súa oferta de servizos en tempo real, integrándoa no sistema de información desta administración a través do proxecto SAEGAL, ou do que o substitúa ou complemente; igualmente, facilitarán a información precisa, análoga a aquela da que a Xunta de Galicia obteña dos seus propios servizos, para a súa publicación como *datos abertos* e nas mesmas plataformas ou sistemas de consulta de servizos de transporte nos que se publique a oferta dos servizos autonómicos, co que se garanta o ofrecemento ás persoas usuarias dunha información completa da oferta de servizos e do sistema de tarifas integrado de aplicación na ATG. Con carácter xeral, a materialización da comunicación de información prevista neste apartado non se demorará máis dun ano a contar dende a data de formalización do convenio de adhesión do concello correspondente.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia comprométese, por unha parte, ao mantemento permanentemente actualizado dun sistema de información da oferta de transporte, a través da páxina web *bus.gal*, ou a que a substitúa, e dunha App de transporte público;

igualmente, publicará e manterá permanentemente actualizada nas ditas plataformas a información dos servizos en formatos imprimibles, a fin de facilitar aos concellos a difusión entre as persoas usuarias. Igualmente, a Xunta de Galicia integrará o conxunto de información en tempo real dos servizos interurbanos, urbanos e locais, para facilitar ao público en xeral unha información completa e integrada do sistema de transporte público.

Finalmente, como complemento do anterior, coa finalidade de facilitar a maior accesibilidade á información por parte daquelas persoas usuarias que poidan ter maiores dificultades de acceso por canles tecnolóxicas, a Xunta de Galicia manterá unha central de información telefónica e de reserva de servizos baixo demanda nos que se ofrecerá información sobre os servizos, realizaranse reservas para os que sexan de prestación baixo demanda, e recibiranse consultas e queixas por parte das persoas usuarias para a súa tramitación pola administración competente.

3.2.4 POLÍTICA TARIFARIA

A implantación da Área de Transporte de Galicia supón a implantación dun sistema zonal, a existencia dun soporte tecnolóxico compatible con tódolos modos, a introdución de medios de pagamento multimodais aceptados por tódolos operadores e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións, á vez que despenalizan o transbordo.

Nese sentido, a integración tarifaria é unha medida clave para lograr unha modernización do transporte público, sendo unha ferramenta fundamental que permitirá actuar sobre prezos, coordinación e información do sistema e, en definitiva, acadar un funcionamento eficaz da ATG.

Así, as Administracións Públicas adheridas comprometeranse a aplicar no ámbito das súas respectivas competencias a política tarifaria prevista para a ATG, segundo as especificacións establecidas neste apartado.

Ademais, no caso da ATG, este programa de implantación dun sistema tarifario integrado será o único programa que se preverá desenvolver desde o inicio do proceso de implantación logo de formalizar a adhesión dos correspondentes concellos, sen que iso impida que, posteriormente, se poida desenvolver calquera dos outros programas, tanto a través de addendas aos convenios correspondentes como de convenios bilaterais entre as Administracións Públicas implicadas, segundo o caso.

3.2.4.1 PRINCIPIOS BÁSICOS

3.2.4.1.1 OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais do establecemento da ATG son contribuír ao fomento da mobilidade en transporte público, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade da integración do sistema, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, coa despenalización económica para estas das operacións de conexión entre liñas que requira

a realización da súa viaxe.

O cumprimento deses obxectivos articularase a través da implantación dun sistema zonal, a introdución de medios de pago multimodais e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións, á vez que despenalizan o transbordo.

3.2.4.1.2 ZONIFICACIÓN

Acordarase a implantación dun sistema tarifario zonal que aglutine na Área de Transporte de Galicia os diferentes sistemas tarifarios vixentes. Este novo sistema, durante a vixencia dos convenios correspondentes e, no seu caso, das súas prórrogas, substituirá aos preexistentes nos modos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e será complementario no resto. A súa aplicación comezará a partir da data que se estableza para cada empresa no correspondente acto administrativo de integración.

Para iso, nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia xa se ten implantado un sistema de tarifas de equilibrio a percibir polos respectivos operadores que ten carácter zonal, asociado ao ámbito territorial de cada un dos termos municipais de Galicia, e que se concreta nunhas determinadas tarifas que se lle aplican aos diferentes rangos de distancias considerados para calquera relación de tráfico entre cada par de Concellos de Galicia, a partir da distancia entre eles.

Así, o termo municipal de cada Concello de Galicia queda establecido como unha determinada zona de transporte. Así, os rangos de tarifas veñen determinados pola distancia e o tempo estimado de percorrido por estrada entre os núcleos de poboación de maior tamaño dos respectivos Concellos que, á súa vez, ven determinado pola configuración da rede viaria existente, permitindo a fácil incorporación de diferentes modos de transporte.

Os cadros de tarifas para cada rango de distancias son os que establece o Plan de Transporte Público de Galicia e, en concreto, os Proxectos de Explotación dos contratos de concesión dos servizos públicos de transporte regular por estrada interurbanos de uso xeral e, de xeito supletorio, os Pregos de Condicións que o desenvolven. Neles recóllense as tarifas aplicables en cada momento para cada relación de tráfico, e estas son comúns e igualitarias para toda Galicia.

Será en base a ese esquema tarifario unificado sobre o que se aplicarán as bonificacións tarifarias previstas na ATG e nos correspondentes convenios.

No caso dos modos de transporte cuxo esquema tarifario actual non se corresponda co establecido nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, como os servizos de transporte marítimo, os niveis de bonificación poderán ser adaptados para que, de deixo efectivo, ás persoas usuariasse lle apliquen unhas tarifas bonificadas e, no seu caso, análogas para viaxes entre os mesmos termos municipais de orixe e de destino.

No caso de que algún concello sen transporte urbano implantase no futuro un servizo de transporte urbano ou local de carácter colectivo, durante o prazo de vixencia do convenio correspondente ou, no seu caso, das súas prórrogas, para a súa integración na ATG

formalizaríase un acordo específico entre a Xunta de Galicia e o dito Concello, coa finalidade de concertar a operativa do sistema de compensacións que correspondería abonar a cada Administración Pública, segundo o indicado no convenio correspondente; coa finalidade de simplificar os sistemas de xestión posteriores, neste convenio poderá participar directamente a empresa ou empresas prestatarias do servizo.

Pola súa parte, no caso dos concellos con transporte urbano, estará prevista a integración na ATG dos servizos de transporte urbano colectivo de competencia municipal, quedando establecido, segundo o indicado no correspondente convenio, o sistema de compensacións que corresponderá abonar a cada Administración Pública.

3.2.4.1.3 DEFINICIÓNS

Aos efectos do esquema de funcionamento da Área de Transporte Público de Galicia, consideraranse unha serie de conceptos específicos que permiten diferenciar os diferentes tipos de Concellos, viaxes, etapas e transbordos.

Así, distínguense os seguintes tipos de Concellos:

- **Concellos urbanos:** os que dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal que atenden á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intramunicipais no seu propio termo municipal e aqueles outros que, pola súa poboación, estarían obrigados a prestalos, aínda que carezan del.
- **Concellos non urbanos:** os que non teñen a consideración de urbanos (isto é: os que non dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, cando, pola súa poboación, non estarían obrigados a prestalos e aqueles outros que dispoñen dalgún servizo dese tipo, pero que non atende á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intramunicipais no seu propio termo municipal).

Por outra parte, distínguense os seguintes tipos de viaxes:

- **Viaxes locais:** as que teñen tanto a súa orixe como o seu destino no interior dun mesmo termo municipal. Dentro desta categoría distínguense dúas situacións:
 - **Viaxes locais urbanas:** as realizadas en servizos de transporte urbano de titularidade municipal ou en liñas pertencentes a contratos outorgados pola Administración Autonómica nun Concello que careza de servizo de transporte urbano a pesar de, pola súa poboación, estar obrigado a iso.
 - **Viaxes locais non urbanas:** o resto das viaxes intramunicipais (isto é: as realizadas en liñas pertencentes a contratos outorgados pola Administración Autonómica nun Concello que careza de servizo de transporte urbano e que, pola súa poboación, non estivese obrigado a iso).
- **Viaxes intermunicipais:** as que teñen a súa orixe e o seu destino no interior de dous termos municipais diferentes.

Así mesmo, cada unha desas viaxes pode estar constituída por unha ou varias etapas, que, á súa vez, poden ter a seguinte consideración:

- **Etapas locais:** as que teñen tanto a súa orixe como o seu destino no interior dun mesmo termo municipal.
- **Etapas intermunicipais:** as que teñen a súa orixe e o seu destino no interior de dous termos municipais diferentes.

Cada unha das etapas que conforma unha viaxe caracterízase por ser realizada nun vehículo diferente, do mesmo ou doutro modo de transporte. Os cambios de vehículo que se producen entre unha etapa e outra das que conforman unha determinada viaxe denomínanse transbordos, e distínguense entre:

- **Transbordos locais:** os que se realizan entre dúas etapas locais ou entre unha etapa intermunicipal e unha etapa local dunha mesma viaxe.
- **Transbordos intermunicipais:** os que se realizan entre dúas etapas intermunicipais dunha mesma viaxe.

3.2.4.1.4 TÍTULOS DE TRANSPORTE

Co fin de implantar un soporte tecnolóxico compatible con todos os modos e operadores con tráfico na Área de Transporte de Galicia, establecerase como medio de pagamento a denominada *Tarxeta da Mobilidade de Galicia* (no sucesivo, TMG). A devandita tarxeta será emitida por aquela/s entidade/s colaboradora/s concertada/s pola Xunta de Galicia, ou directamente por esta última, e basearase nunha tecnoloxía sen contactos, que mellorará a cantidade e a calidade de información existente na rede de transporte da ATG. Este título de transporte será complementado por aquelas outras tarxetas análogas á TMG integradas no sistema.

A efectos prácticos, a TMG equivalerá á anterior tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia e, nese sentido, todas as referencias que neste documento ou nos correspondentes convenios se fagan á TMG deben entenderse aplicables tamén a aquela.

Doutra banda, sen prexuízo dos bonos mensuais e outras vantaxes nas tarifas que corresponda ofertas ás respectivas prestatarias ou concesionarias dos servizos, prevense os seguintes títulos de viaxe que serán aplicables nos modos de transporte dos que a Administración Autónoma de Galicia é titular:

- Billete sinxelo (pagamento en efectivo): válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo nin, con carácter xeral, leva asociado bonificacións adicionais.
- Tarxeta da Mobilidade de Galicia (TMG): trátase dun medio de pagamento (tarxeta moedeiro) promovido pola Xunta de Galicia, directamente ou en colaboración con entidades colaboradoras, de carácter multiviaxe (permite múltiples cancelacións) e multimodal (aceptable en todos os modos con tráfico integrados). Nos pagamentos efectuados con esta tarxeta aplicaranse as bonificacións previstas neste documento.
- Tarxetas de pagamento integradas: medio de pagamento que, con independencia

do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes Administracións Públicas en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios. Terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á TMG e compatibles con ela que, emitidas ou promovidas por outras Administracións Públicas, sexan incorporadas pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público ao Sistema de Transporte Público de Galicia. En todos os casos, o sistema tarifario e de bonificacións aplicado aos pagos que se realicen con estas tarxetas de pagamento integradas será completamente equivalente ao aplicado aos pagamentos realizados coa TMG.

No caso dos concellos con transporte urbano, ou daqueles concellos que, carecendo actualmente del, implantasen no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do correspondente convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, procurarase que tamén se integren no sistema os títulos de transporte válidos no servizo de transporte urbano colectivo de competencia municipal, agás que opten pola aplicación directamente da TMG como medio propio.

A dirección xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes poderá acordar a introdución de novos modos ou procedementos de pagamento integrados, baseados na evolución da tecnoloxía, que complementen ou substitúan a TMG por outros medios ou sistemas avanzados. As referencias que se realizan no PTPG e/ou na presente addenda á TMG entenderanse aplicables tamén a estes outros medios ou sistemas de pagamento.

3.2.4.1.5 APLICACIÓN SOCIAL DA TARXETA DA MOBILIDADE DE GALICIA

Os anteriores títulos complementarase coa aplicación social da TMG, ferramenta que, mediante a utilización da devandita tarxeta, permitirá xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) diferentes bonificacións de carácter social dentro dun conxunto de perfís definidos, e en beneficio dos residentes nos correspondentes Concellos. Así, os perfís sociais de aplicación serán establecidos polos propios Concellos.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia poderá establecer os seus propios perfís de bonificación a colectivos concretos de usuarios, tales como a Tarifa *Xente Nova*.

En relación ás actuacións que non estean previstas nos correspondentes convenios, cando o promotor sexa o Concello, entre este e a dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público adoptarán un acordono que establecerán a modalidade de bonificación, dentro das opcións que, en termos tecnolóxicos, permita a aplicación, preferiblemente coa finalidade de establecer perfís e niveis de desconto idénticos en todos os Concellos da ATG. Estas bonificacións sociais aplicaranse sobre o prezo resultante para a persoa usuaria logo de aplicar a bonificación xeral prevista na ATG para os pagamentos con tarxeta TMG e, se fose o caso, o transbordo.

Os requisitos que deberán cumprir as persoas beneficiarias destas bonificacións adicionais, tanto para adquirir esta condición como para xerar o dereito ás concretas bonificacións, serán establecidas polos propios Concellos nas correspondentes ordenanzas municipais,

no marco das condicións de utilización desta aplicación fixadas pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público.

A través da aplicación na que se rexistren todas as viaxes realizadas no Sistema de Transporte Público de Galicia realizarase o cálculo das bonificacións que correspondan ás persoas usuarias, atendendo ao perfil que teñan asociado, tendo en conta que nos supostos de multicancelación ou venda múltiple, de resultar admisibles para este tipo de pagamentos, só se contará unha viaxe, e que a bonificación asociada a unha tarxeta non pode superar nunca o 100% do importe da viaxe. As tarxetas que xerarán dereito a bonificación serán as identificadas na correspondente aplicación informática polos respectivos Concellos, consonte cos requisitos e regras de uso que determinará a dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público .

Nos correspondentes convenios entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e as Administracións Locais de Galicia para a súa adhesión á Área de Transporte de Galicia estableceranse o resto de regras para a xestión e liquidación dos custes de implantación desta aplicación social da tarxeta TMG.

A dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público poderá prever a evolución da funcionalidade social da TMG de acordo coa evolución da tecnoloxía, incluso a súa substitución por outros instrumentos avanzados que faciliten a xestión das diferentes bonificacións sociais e, se fose o caso, a aplicación dos descontos que correspondan directamente no momento da cancelación da viaxe ou no de realizarlle á persoa usuaria o seu cobramento.

3.2.4.1.6 SISTEMA DE CANCELACIÓN NO TRANSPORTE URBANO

No caso dos concellos con transporte urbano, ou daqueles concellos que, carecendo actualmente del, implantasen no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do correspondente convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, para que eses sistemas de transporte urbano se poidan integrar na ATG, deberán contar con máquinas de cancelación e expedición de billetes homologadas para o funcionamento na devandita ATG, tanto pola propia Xunta de Galicia como pola/s entidade/s financeira/s colaboradora/s, ou por aquelas outras entidades que participen na xestión do sistema tecnolóxico de pagamentos consonte co que, para tal fin, estableza a Xunta de Galicia.

3.2.4.1.7 INTEGRACIÓN DOUTROS SISTEMAS DE MOBILIDADE

As Administracións públicas promoverán a integración global de diferentes modos e medios de transporte que favorezan a desconxestión das poboacións, faciliten a redución da marca de carbono nos desprazamentos das persoas, potenciando as posibilidades que se ofrezan para unha mellora da súa mobilidade.

Nese sentido, as Administracións públicas poderán acordar a integración tarifaria no marco da ATG dos servizos de transporte marítimo regular en augas interiores, como os da ría de Vigo, ou servizos ferroviarios, como os integrados na actual ATM de Ferrol. Igualmente, as Administracións públicas galegas poderá promover a integración ao

sistema tarifario e de información da ATG de calquera outro servizo de transporte público regular de uso xeral que se desenvolva en Galicia ou, incluso, servizos accesorios, incorporando as correspondentes previsións aos convenios que se formalizarían, en tales casos, entre a consellería competente en materia de transporte e as entidades locais ás que corresponda, ou que asuma, o seu financiamento, total ou parcial.

Ademais, nos convenios de integración na ATG, ou a través de convenios específicos posteriores entre a consellería da Xunta de Galicia competente en materia de transporte e as entidades locais ás que corresponda, ou que asuman, o seu financiamento, as Administracións públicas poderán prever a incorporación á ATG doutros proxectos, servizos ou actividades, incluso de carácter experimental, dirixidos a facilitar a mobilidade ou unha maior integración de diferentes servizos, establecendo as contribucións das diferentes Administracións á súa consecución.

3.2.4.1.8 TARIFAS A ABONAR POLAS PERSOAS USUARIAS

As tarifas a abonar polas persoas usuarias no sistema tarifario integrado, para os pagamentos que realicen coa TMG nos modos de competencia autonómica integrados na ATG, serán as que se fixen en función do rango no que se sitúe a distancia existente entre os termos municipais de orixe e destino da viaxe, así como do título de viaxe utilizado para a súa realización, e non do número de etapas que son necesarias. Excepcionalmente, no caso de concellos integrados previamente en Áreas de Transporte Metropolitano, cando esta última fose inferior á resultante do dito procedemento de cálculo baseado no factor quilométrico, a tarifa TMG aplicable na ATG será igualada á tarifa TMG metropolitana aplicable á correspondente relación de tráfico.

Xa que logo, prodúcese unha despenalización total do transbordo nos pagamentos coa tarxeta TMG nos modos de transporte integrados.

Adicionalmente, as persoas usuarias que efectúen no mes natural un determinado número de viaxes, cos mesmos termos municipais de orixe e de destino, obterán a bonificación adicional por recorrencia, tal e como ven previsto nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia.

Os niveis de prezos dos modos de transporte que non son de competencia autonómica (é dicir, que son de competencia estatal ou local), pero se integren na ATG, serán os fixados polas Administracións Públicas competentes e se determinarán nos correspondentes instrumentos de adhesión. Igualmente, os niveis de prezo nos servizos de transporte marítimo que se poidan integrar na ATG, e cuxa prestación está liberalizada, será o que se estableza nos correspondentes instrumentos xurídicos polos que se produza a súa integración na ATG, coherentes á súa vez co establecido nos convenios de colaboración que se formalicen cos concellos aos que corresponda parcialmente a imputación das compensacións.

A táboa de tarifas incorporará as actualizacións programadas que xa figuran previstas nos correspondentes pregos de condicións e proxectos de explotación dos contratos de concesión dos servizos públicos de transporte regular de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia. Adicionalmente, as ditas tarifas e niveis de compensación actualizaranse

consonte coas revisións que, se fose o caso, aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no marco de procedementos de revisión de tarifas, e das que a dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público informará aos Concellos. Criterios análogos seguiranse respecto das bonificacións aplicables a outros servizos de transporte integrados na ATG.

3.2.4.1.9 NIVEIS DE COMPENSACIÓN

Os actos administrativos mediante os que se produza a integración no novo sistema tarifario dos servizos de transporte público regular de uso xeral da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia establecerán os niveis e procedementos de compensación, isto é, os ingresos por viaxeiro que percibirán as empresas contratistas polas cancelacións que se produzan utilizando os títulos integrados na Área de Transporte de Galicia. En concreto, no caso dos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, os niveis de compensación xa veñen plenamente previstos neles.

No caso de empresas prestatarias de servizos de transporte distintos dos anteriores, serán os correspondentes instrumentos ou acordos de integración os que contemplan a definición dos niveis de compensación.

Así, o sistema de compensación fixa o nivel de ingreso por cancelación coa TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo (este último título só nos modos de competencia autonómica e nos que así se fixe nos acordos de integración) que recibirá o prestatario tras a posta en marcha do sistema tarifario integrado. A fixación destes niveis persegue os seguintes obxectivos:

- Non afectar ao equilibrio financeiro actual.
- Conservar o actual sistema de incentivos baseado no risco e ventura. Así, os ingresos e a rendibilidade da explotación deben de estar vinculados ao número de viaxeiros.
- Manter os niveis de financiamento previamente adquiridos polas diferentes Administracións Públicas.

O sistema de compensación aplicado en cada tipo de servizo desenvólvese nos seguintes apartados.

3.2.4.1.9.1 CONTRATOS DE XESTIÓN OU CONCESIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE OU OUTROS MODOS DE TRANSPORTE DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

No caso dos contratos de concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Autonómica que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, os niveis de compensación aplicables en cada caso (para cada relación de tráfico e segundo o título de transporte empregado) xa veñen completamente definidos nos Proxectos de Explotación e nos Pregos de Condicións que rexen a súa execución.

No caso do resto de contratos de xestión ou concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Autonómica, que sexan previos ao desenvolvemento do Plan de Transporte Público de Galicia, empregaranse como niveis de compensación

os mesmos que se derivarían da aplicación dos criterios que, para a súa determinación, se establecen no apartado 4.2.1 dos Pregos de Condicións que rexen a execución dos contratos de concesión que desenvolven o antedito Plan de Transporte Público de Galicia, pero tendo en conta as tarifas de equilibrio contractual propias deses contratos, e calculando as bonificacións correspondentes a partir deles e das tarifas comúns a abonar polas persoas usuarias.

Así, eses niveis de compensacións resultarán aplicables ás cancelacións realizadas con TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo.

A eses niveis de compensación seralles aplicable, ademais, o réxime de subida programada de tarifas e, en consecuencia, de niveis de compensación, previsto nos Pregos de Condicións que rexen a execución dos contratos de concesión que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia.

Pola súa parte, a aqueles outros modos ou servizos de transporte de competencia autonómica que se poidan integrar na ATG, os niveis de compensación serán os aplicables nos correspondentes instrumentos de integración, nos que tamén se determinarán os mecanismos para, se é co caso, proceder á súa actualización, coherentes á súa vez co establecido nos convenios de colaboración que se formalicen cos concellos aos que corresponda parcialmente a imputación das compensacións.

3.2.4.1.9.2 CONTRATOS DE XESTIÓN OU CONCESIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE DE COMPETENCIA DOS CONCELLOS

No caso dos concellos con transporte urbano, o establecemento dos niveis de compensación ao prestatario do correspondente servizo de transporte público urbano integrado na ATG serán os que estableza a Administración titular do servizo na súa relación co seu prestatario.

Para o cálculo das compensacións que deberán ser asumidas polas Administracións pola aplicación das bonificacións tarifarias previstas na ATG, como o transbordo, o prezo de compensación será o que corresponda ao bono ordinario bonificado, *bonobus*, que se estableza con carácter xeral, resultando de aplicación ás cancelacións realizadas coa TMG e tarxetas integradas, sen prexuízo de que no correspondente convenio se poidan prever outros medios de pagamento adicionais aos que puidesen resultar de aplicación.

No caso dos servizos públicos de transporte urbano ou local cos que contén, ou establezan no futuro, concellos que non teñan a obriga legal de prestar o servizo público de transporte colectivo, o nivel de compensación aplicable pola aplicación das bonificacións tarifarias previstas na ATG, como o transbordo, será o correspondente ao *bonobús* ou tarifa bonificada xeral que estableza o concello, cun importe igual ou inferior ao que corresponda en cada momento á tarifa bonificada polo pago con TMG para viaxes dentro dun mesmo termo municipal en servizos de titularidade autonómica (actualmente fixada en 0,85 euros).

Neste caso, sen prexuízo da participación da Administración autonómica nas compensacións por transbordos, que facilitarán a integración do servizo municipal no

conxunto do sistema integrado de transporte, corresponderá ao Concello a total competencia para o establecemento do conxunto de bonificacións xerais e sociais que poidan resultar de aplicación, asumindo o custe derivado das compensacións correspondentes.

3.4.2.1.9.3 CONTRATOS DE XESTIÓN OU CONCESIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE TRANSPORTE, OU OUTROS MODOS DE TRANSPORTE, DE COMPETENCIA DO ESTADO.

No caso de integración doutros modos de transporte de competencia do Estado, como o ferroviario, o establecemento dos niveis de compensación ao prestatario do correspondente servizo destes modos de transporte público, levarase a cabo nos instrumentos xurídicos de integración do servizo, resultando de aplicación, ás cancelacións realizadas coa TMG e tarxetas integradas, sen prexuízo de que no correspondente convenio se poidan prever outros medios de pagamento adicionais aos que puidesen resultar de aplicación. Estes niveis de compensación actualizaranse nos termos do correspondente acordo de integración.

3.2.4.1.10 BONIFICACIÓNS

A diferenza entre os niveis de compensación (ingreso por cancelación que se estableza para o prestatario do servizo de transporte) e o custo efectivo asumido polas persoas usuarias, determinará o volume de recursos globais a achegar polas Administracións Públicas en forma de bonificacións ao uso do transporte público.

A bonificación global da viaxe subdivídese en bonificación zonal, asociada ao conxunto da viaxe, e bonificación por transbordos, asociada ás diferentes etapas que conforman unha únicaviaxe, sendo o nivel de imputación e participación das diferentes Administracións Públicas diferente en cada unha delas, conforme ao establecido neste apartado e, no seu caso, nos correspondentes convenios.

No caso da bonificación zonal, establécese unha bonificación zonal básica, igual para toda Galicia, que é imputada ás diferentes Administracións Públicas segundo unha serie de regras comúns a toda a Área de Transporte de Galicia, e admítese a posibilidade de incrementar a bonificación zonal a través dunha bonificación zonal adicional, decidida pola correspondente Administración Local, e que se lle imputaría integramente a aquela.

Así, defínense os seguintes conceptos:

$$B = \sum_{j=1}^n NC_{i,j} - T_{U,i}$$

$$B_z = NC_{H,i} - T_{H,i}$$

$$T_{H,i} = T_{U,i}$$

$$B_T = B - B_Z = \sum_{j=1}^n NC_{i,j} - NC_{H,i}$$

Onde:

- B: Bonificación total.
- B_Z: Bonificación zonal.
- B_T: Bonificación por transbordos.
- T_{U,i}: Tarifa abonada pola persoa usuaria para a viaxe i.
- NC_{i,j}: Nivel de compensación, ou tarifa de equilibrio a percibir polo operador, na etapa j da viaxe i.
- NC_{H,i}: Nivel de compensación, ou tarifa de equilibrio a percibir polo operador, para unha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i.
- T_{H,i}: Tarifa abonada pola persoa usuaria nunha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i.
- n: número de etapas da viaxe i.

A implantación da ATG suporá, de por si, a aplicación da seguinte bonificación:

- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos intermunicipais**, realizados en calquera termo municipal, en todas as **viaxes intermunicipais**, independentemente de que os concellos de orixe ou de destino se adherisen ou non á ATG ou de que se trate de concellos urbanos ou non.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100% á Xunta de Galicia**.

Na programación do proceso de implantación da ATG, establecerase a previsión referente ao momento de aplicabilidade desta bonificación, ben de xeito progresivo atendendo a aqueles ámbitos territoriais nos que se proceda á implantación da ATG, ben de xeito xeral no momento do proceso que a dita planificación estableza.

Por outra parte, a adhesión dos correspondentes Concellos á Área de Transporte de Galicia suporá a aplicación de determinadas bonificacións adicionais, que se especifican nos subapartados seguintes.

3.2.4.1.10.1 BONIFICACIÓNS ZONAS BÁSICA

3.2.4.1.10.1 CONCELLOS URBANOS

A imputación da Bonificación Zonal Básica, coa contía prevista neste documento e no correspondente convenio, será a seguinte

- Para todas as **viaxes intermunicipais con orixe no Concello asinante e destino noutro concello urbano**, independentemente de que o concello de destino se adherise ou non á ATG, a imputación da bonificación zonal **básica** imputarase ao **100% á Xunta de Galicia**.
- Para todas as **viaxes locais con orixe e destino no Concello asinante**, a imputación da bonificación zonal **básica** imputarase ao **100% ao Concello asinante**.

3.2.4.1.10.2 CONCELLOS NON URBANOS

A imputación da Bonificación Zonal Básica, coa contía prevista neste documento e no correspondente convenio, será a seguinte:

- Para as **viaxes intermunicipais con orixe no Concello asinante e destino noutro concello de Galicia**, independentemente de que o concello de destino se adherise ou non á ATG ou que se trate dun concello urbano ou non, a imputación da bonificación zonal **básica** imputarase nun **80% á Xunta de Galicia** e no **20% restante ao Concello asinante**.
- Para as **viaxes intermunicipais con orixe nun concello urbano e destino no Concello asinante**, independentemente de que o concello de orixe se adherise ou non á ATG, a imputación da bonificación zonal **básica** imputarase nun **80% á Xunta de Galicia** e no **20% restante ao Concello asinante**.
- Para todas as **viaxes locais, con orixe e destino no Concello asinante**, a imputación da bonificación zonal básica imputarase nun **80% á Xunta de Galicia** e no **20% restante ao Concello asinante**.

3.2.4.1.10.3 BONIFICACIÓNS ZONAS ADICIONAIS

A **imputación da bonificación zonal adicional**, é dicir, a bonificación que a correspondente Administración Local poida engadir á bonificación zonal básica, **corresponderá ao 100% ao Concello asinante**, sexa concello urbano ou non urbano, e sexa unha viaxe local ou intermunicipal.

3.2.4.1.10.3 BONIFICACIÓNS POR TRANSBORDO

- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos locais**, realizados no termo municipal do Concello **adherido**, ou no doutro concello intermedio distinto do de destino da viaxe, en todas as **viaxes intermunicipais con orixe ou destino no Concello adherido e orixe ou destino noutro concello de Galicia**, independentemente de que o concello de destino se adherise ou non á ATG ou

de que se trate dun concello urbano ou non.

- A imputación desta bonificación realízase ao **100%** á **Xunta de Galicia**.
- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos locais e intermunicipais**, realizados en calquera termo municipal, en todas as **viaxes locais con orixe e destino no Concello asinante**.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100%** ao **Concello asinante**.

3.2.4.1.10.4 RESUMO

Nas táboas que se inclúen nos seguintes subapartados resúmese o esquema segundo o que se establecen e imputan as anteditas bonificacións.

3.2.4.1.10.4.1 CONCELLOS URBANOS

| Bonificación Zonal | | | | | | |
|--------------------|---------------------|---------------------|---------------------------|-------------------|------------------------------|-------------------|
| Tipo de viaxe | Orixe | Destino | Bonificación zonal básica | | Bonificación zonal adicional | |
| | | | Xunta de Galicia | Concello adherido | Xunta de Galicia | Concello adherido |
| Intermunicipal | Concello adherido | Concello urbano | 100% | 0% | - | 100% |
| | Concello adherido | Concello non urbano | - | - | - | - |
| | Concello urbano | Concello adherido | - | - | - | - |
| | Concello non urbano | Concello adherido | - | - | - | - |
| Local | Concello adherido | Concello adherido | - | 100% | - | 100% |

| Bonificación por transbordo | | | | |
|-----------------------------|--------------------|---|------------------|-------------------|
| Tipo de viaxe | Tipo de transbordo | Concello no que se realiza o transbordo | Xunta de Galicia | Concello adherido |
| Intermunicipal | Intermunicipal | Calquera ¹ | 100% | - |
| | Local | Concello adherido | 100% | - |
| | | Intermedio ³ | 100% | - |
| | | Orixe ou destino ^{2,3} | - | - |
| Local | Local | Calquera ² | - | 100% |
| | Intermunicipal | Calquera | - | 100% |

¹ Bonificación básica pola implantación da Área de Transporte de Galicia

² Distinto do Concello asinante

³ Agás no caso de concellos que dispoñan de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, pero que non se adherisen á ATG

3.2.4.1.10.4.2 CONCELLOS NON URBANOS

| Bonificación zonal | | | | | | |
|--------------------|---------------------|---------------------|---------------------------|-------------------|------------------------------|-------------------|
| Tipo de viaxe | Orixe | Destino | Bonificación zonal básica | | Bonificación zonal adicional | |
| | | | Xunta de Galicia | Concello asinante | Xunta de Galicia | Concello asinante |
| Intermunicipal | Concello asinante | Concello urbano | 80% | 20% | - | 100% |
| | Concello asinante | Concello non urbano | 80% | 20% | - | 100% |
| | Concello urbano | Concello asinante | 80% | 20% | - | 100% |
| | Concello non urbano | Concello asinante | - | - | - | - |
| Local | Concello asinante | Concello asinante | 80% | 20% | - | 100% |

Bonificación por transbordo

| Tipo de viaxe | Tipo de transbordo | Concello no que se realiza o transbordo | Xunta de Galicia | Concello asinante |
|----------------|--------------------|---|------------------|-------------------|
| Intermunicipal | Intermunicipal | Calquera ¹ | 100% | - |
| | | Concello asinante | 100% | - |
| | Local | Intermedio ² | 100% | - |
| | | Orixe ou destino ^{2,3} | - | - |
| Local | Local | Calquera ³ | - | 100% |
| | Intermunicipal | Calquera | - | 100% |

¹ Bonificación básica pola implantación da Área de Transporte de Galicia

² Distinto do Concello asinante

³ Agás no caso de concellos que dispoñan de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, pero que non se adherisen á ATG

3.2.4.1.11 CONTÍA DAS TARIFAS A ABONAR POLAS PERSOAS USUARIAS, DOS NIVEIS DE COMPENSACIÓN E DAS BONIFICACIÓNS

Así, segundo todo o indicado nos apartados anteriores, a partir dos niveis de compensación ($NC_{H,i}$), ou tarifas de equilibrio a percibir polo operador, para unha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i , as tarifas ($T_{U,i}$) abonadas polas persoas usuarias, nese caso, e as correspondentes bonificacións zonais (B_z) aplicables ás viaxes intermunicipais, en función de que o pago se realice ou ben en efectivo ou ben mediante a tarxeta TMG ou calquera outra tarxeta integrada na ATG, serían as seguintes:

| Tarifas abonadas polas persoas usuarias, niveis de compensación e as correspondentes bonificacións (01/01/2022) | | | | | | | | | | | |
|---|-------------|--------------------------------------|-------------|--------------------|-------------|------------------------|-------------|--------------------------------------|-------------|--------------------|-------------|
| Niveis de compensación | | Tarifas a abonar pola persoa usuaria | | Bonificación zonal | | Niveis de compensación | | Tarifas a abonar pola persoa usuaria | | Bonificación zonal | |
| NCH,i | | TU,i | | B _z | | NCH,i | | TU,i | | B _z | |
| Efectivo | Tarxeta TMG | Efectivo | Tarxeta TMG | Efectivo | Tarxeta TMG | Efectivo | Tarxeta TMG | Efectivo | Tarxeta TMG | Efectivo | Tarxeta TMG |
| 1,50 € | 1,35 € | 1,50 € | 0,85 € | 0,00 € | 0,50 € | 16,65 € | 14,99 € | 16,65 € | 14,49 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 2,00 € | 1,80 € | 2,00 € | 1,30 € | 0,00 € | 0,50 € | 17,15 € | 15,44 € | 17,15 € | 14,94 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 2,55 € | 2,30 € | 2,55 € | 1,80 € | 0,00 € | 0,50 € | 17,70 € | 15,93 € | 17,70 € | 15,43 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 3,05 € | 2,75 € | 3,05 € | 2,25 € | 0,00 € | 0,50 € | 18,20 € | 16,38 € | 18,20 € | 15,88 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 3,55 € | 3,20 € | 3,55 € | 2,70 € | 0,00 € | 0,50 € | 18,70 € | 16,83 € | 18,70 € | 16,33 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 4,05 € | 3,65 € | 4,05 € | 3,15 € | 0,00 € | 0,50 € | 19,20 € | 17,28 € | 19,20 € | 16,78 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 4,55 € | 4,10 € | 4,55 € | 3,60 € | 0,00 € | 0,50 € | 19,70 € | 17,73 € | 19,70 € | 17,23 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 5,05 € | 4,55 € | 5,05 € | 4,05 € | 0,00 € | 0,50 € | 20,20 € | 18,18 € | 20,20 € | 17,68 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 5,55 € | 5,00 € | 5,55 € | 4,50 € | 0,00 € | 0,50 € | 20,70 € | 18,63 € | 20,70 € | 18,13 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 6,05 € | 5,45 € | 6,05 € | 4,95 € | 0,00 € | 0,50 € | 21,20 € | 19,08 € | 21,20 € | 18,58 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 6,55 € | 5,90 € | 6,55 € | 5,40 € | 0,00 € | 0,50 € | 21,70 € | 19,53 € | 21,70 € | 19,03 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 7,05 € | 6,35 € | 7,05 € | 5,85 € | 0,00 € | 0,50 € | 22,20 € | 19,98 € | 22,20 € | 19,48 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 7,60 € | 6,84 € | 7,60 € | 6,34 € | 0,00 € | 0,50 € | 22,75 € | 20,48 € | 22,75 € | 19,98 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 8,10 € | 7,29 € | 8,10 € | 6,79 € | 0,00 € | 0,50 € | 23,25 € | 20,93 € | 23,25 € | 20,43 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 8,60 € | 7,74 € | 8,60 € | 7,24 € | 0,00 € | 0,50 € | 23,75 € | 21,38 € | 23,75 € | 20,88 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 9,10 € | 8,19 € | 9,10 € | 7,69 € | 0,00 € | 0,50 € | 24,25 € | 21,83 € | 24,25 € | 21,33 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 9,60 € | 8,64 € | 9,60 € | 8,14 € | 0,00 € | 0,50 € | 24,75 € | 22,28 € | 24,75 € | 21,78 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 10,10 € | 9,09 € | 10,10 € | 8,59 € | 0,00 € | 0,50 € | 25,25 € | 22,73 € | 25,25 € | 22,23 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 10,60 € | 9,54 € | 10,60 € | 9,04 € | 0,00 € | 0,50 € | 25,75 € | 23,18 € | 25,75 € | 22,68 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 11,10 € | 9,99 € | 11,10 € | 9,49 € | 0,00 € | 0,50 € | 26,25 € | 23,63 € | 26,25 € | 23,13 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 11,60 € | 10,44 € | 11,60 € | 9,94 € | 0,00 € | 0,50 € | 26,75 € | 24,08 € | 26,75 € | 23,58 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 12,10 € | 10,89 € | 12,10 € | 10,39 € | 0,00 € | 0,50 € | 27,25 € | 24,53 € | 27,25 € | 24,03 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 12,65 € | 11,39 € | 12,65 € | 10,89 € | 0,00 € | 0,50 € | 27,80 € | 25,02 € | 27,80 € | 24,52 € | 0,00 € | 0,50 € |

| | | | | | | | | | | | |
|---------|---------|---------|---------|--------|--------|---------|---------|---------|---------|--------|--------|
| 13,15 € | 11,84 € | 13,15 € | 11,34 € | 0,00 € | 0,50 € | 28,30 € | 25,47 € | 28,30 € | 24,97 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 13,65 € | 12,29 € | 13,65 € | 11,79 € | 0,00 € | 0,50 € | 28,80 € | 25,92 € | 28,80 € | 25,42 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 14,15 € | 12,74 € | 14,15 € | 12,24 € | 0,00 € | 0,50 € | 29,30 € | 26,37 € | 29,30 € | 25,87 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 14,65 € | 13,19 € | 14,65 € | 12,69 € | 0,00 € | 0,50 € | 29,80 € | 26,82 € | 29,80 € | 26,32 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 15,15 € | 13,64 € | 15,15 € | 13,14 € | 0,00 € | 0,50 € | 30,30 € | 27,27 € | 30,30 € | 26,77 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 15,65 € | 14,09 € | 15,65 € | 13,59 € | 0,00 € | 0,50 € | 30,80 € | 27,72 € | 30,80 € | 27,22 € | 0,00 € | 0,50 € |
| 16,15 € | 14,54 € | 16,15 € | 14,04 € | 0,00 € | 0,50 € | | | | | | |

Esta táboa refírese ás tarifas a abonar polas persoas usuarias, aos niveis de compensación e ás bonificacións aplicables aos contratos de concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Autonómica que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, correspondentes coa primeira subida tarifaria aplicada a 1 de xaneiro de 2022, segundo o establecido, nos seus correspondentes Pregos de Condicións.

As posteriores actualizacións de tarifas a abonar polas persoas usuarias e, como consecueniadiso, dos niveis de compensación e das bonificacións aplicables, rexeranse polo previsto neste documento e no correspondente convenio.

Pola súa parte, establecerase unha bonificación zonal para as viaxes locais, con orixe e destino no termo municipal do Concello asinante, iguais ás previstas para as viaxes intramunicipais cos niveis de compensación ($NC_{H,i}$) máis baixos.

3.2.4.1.12 IMPUTACIÓN DAS BONIFICACIÓNS

As contías das bonificacións previstas pola adhesión dunha determinada Administración Local á Área de Transporte de Galicia, cos límites establecidos neste documento, repartiranse proporcionalmente entre as Administracións Públicas en base a criterios de competencia (Administración Pública competente), tipo de viaxe (intermunicipal ou intramunicipal), natureza da etapa ou do transbordo e uso (Concello de orixe da primeira etapa e Concello destino da última) e modo de transporte, de acordo coas porcentaxes de imputación establecidas neste documento e no correspondente convenio.

3.2.4.1.13 OUTRAS BONIFICACIÓNS

3.2.4.1.13.1 BONIFICACIÓNS DOUTROS MODOS DE TRANSPORTE PÚBLICO

No caso de integración doutros modos de transporte, sexan de competencia do estado, como o transporte ferroviario, ou de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, como o transporte marítimo regular en augas interiores, como os da ría de Vigo, a bonificación aplicable ao usuario no correspondente servizo destes modos de transporte será a que se determine nos instrumentos xurídicos de integración do servizo e nos convenios de adhesión co concello ou concellos directamente interesados aos que corresponda o seu co-financiamento.

3.2.4.1.13.2 BONIFICACIÓN XENTE NOVA

Esta bonificación do perfil social, que actualmente configúrase como a tarifa Xente Nova, aplícase aos servizos públicos interurbanos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral

da titularidade da Xunta de Galicia, que se desenvolvan no conxunto da Comunidade Autónoma, para calquera relación de tráfico que teña orixe e destino en Galicia. Desta maneira, a bonificación Xente Nova non se limita aos servizos públicos interurbanos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia, senón que, ademais, pode ser aplicable para os servizos de transporte marítimo regular en augas interiores, como os da ría de Vigo, así como no servizo de transporte ferroviario de Ferrol, consonte co que se estableza na correspondente norma reguladora. As vantaxes da tarifa Xente Nova aplícanse ás viaxes interurbanos dos menores de 21 anos en toda Galicia, calquera que sexa a súa orixe e destino.

Neste sentido, a imputación da bonificación da tarifa Xente Nova imputarase nun 100% á Xunta de Galicia.

3.2.4.2 PROCEDIMENTOS

3.2.4.2.1 CONTÍA E REVISIÓN DAS ACHEGAS

A achega que corresponderá efectuar a cada Administración Pública con base no previsto anteriormente estimarase no correspondente convenio, calculada con base nos traballos técnicos desenvolto, sen prexuízo da súa actualización anual segundo o procedemento fixado para tal fin. Tendo en conta que o gasto real que corresponderá a cada Administración derivará directamente do volume real de utilización no seu ámbito territorial dos servizos de transporte público de viaxeiros integrados, a devandita previsión estimarase en todo caso de xeito aproximado, considerando a necesaria ponderación que se efectúa tanto da penetración social dos novos medios de pagamento cos que operará a bonificación, como da porcentaxe global de incremento de usuarios bonificados pola Administración Pública, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigas por riba das indicadas contías, e coa mesma sistemática que a prevista no apartado anterior.

As Administracións Públicas asinantes do correspondente convenio disporán dos orzamentos precisos para os exercicios en curso, e comprometeranse a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que, en cada caso, corresponda, e os reaxustes, actualizacións e liquidacións comunicados pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público.

As cantidades indicadas no correspondente convenio serán actualizadas anualmente, atendendo aos resultados reais de explotación do ano anterior.

3.2.4.2.2 LIQUIDACIÓN, TRANSFERENCIA E XESTIÓN DAS ACHEGAS

Nos correspondentes convenios entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e as Administracións Locais de Galicia para a súa adhesión á Área de Transporte de Galicia estableceranse o resto de regras para a liquidación, transferencia e xestión das achegas correspondentes aos custes de aplicación da política tarifaria da propia ATG.

Esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos directamente da aplicación informática na que se rexistren todas as viaxes realizadas na ATG. A remisión

de información vinculada coa liquidación poderá ser substituída pola posta a disposición da información de xeito directo na aplicación informática de xestión da ATG.

A referida liquidación preverá os reaxustes das obrigas da correspondente anualidade, tendo en consideración os datos reais de explotación dese último exercicio, e establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano o Concello correspondente, no caso de resultar excedentario do ano anterior, coa incorporación pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dos fondos sobrantes daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente ao Concello, no caso de resultar deficitario, ata o importe non cuberto no exercicio anterior.

Por outra parte, sen prexuízo do indicado nos apartados anteriores, no primeiro ano de implantación efectiva da Área de Transporte de Galicia, o Concello partícipe ingresará o importe correspondente ao prorrateo da correspondente anualidade entre os meses previstos para o seu funcionamento efectivo.

Con carácter xeral, preverase a obriga de realizar o ingreso que en cada caso corresponda a favor da Administración Autonómica no prazo máximo de dous meses a contar dende a comunicación da liquidación, prazo no que o Concello deberá materializar o pagamento correspondente e facer a oportuna comunicación a través das canles que en cada caso se establezan, podendo prever a Xunta de Galicia a súa xestión parcial ou completamente a través da aplicación informática de xestión da ATG.

De non se efectuar as achegas correspondentes a cada Administración Pública nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos Concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, ou de calquera outro instrumento análogo que puidese complementalo ou substituílo, consonte co legalmente establecido.

3.2.4.2.3 LIQUIDACIÓNS AOS PRESTATARIOS DE SERVIZOS DE TRANSPORTE INTEGRADOS

A dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público será a encargada de tramitar a compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido da Área de Transporte de Galicia.

Esta compensación farase respectando as bases da política tarifaria previstas neste documento, e de conformidade co establecido nos actos administrativos de integración dos correspondentes servizos de transporte no ámbito da ATG.

3.2.5 SEGUIMIENTO E DURACIÓN

3.2.5.1 SEGUIMIENTO

Co obxecto de velar polo cumprimento dos correspondentes convenios, e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación, constituiranse unha Comisión de Seguimento de cada un deles, constituída por dúas persoas designadas pola

dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público e dúas persoas designadas polo Concello asinante de cada convenio. A presidencia de cada unha desas Comisións de Seguimento será exercida por unha das persoas designadas pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público.

As Comisións de Seguimento serán as encargadas do seguimento, interpretación e control do cumprimento dos correspondentes convenios e asumirán, en particular, as seguintes funcións:

- a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito do convenio correspondente, propondo no seu caso as variacións que se consideren precisas.
- b) Resolver os problemas que se susciten na interpretación do convenio correspondente.
- c) Garantir o intercambio de información entre as Administracións Públicas participantes.
- d) Elaborar e elevar ás respectivas Administracións Públicas competentes propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de Transporte de Galicia.
- e) Propoñer e impulsar a introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios.
- f) Todas aquelas outras funcións que se lle atribúan no convenio correspondente.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de, cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, e os ditos acordos serán adoptados por unanimidade dos asistentes.

A pertenza a esas comisións así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que as integren.

3.2.5.2 DURACIÓN

Os correspondentes convenios entrarán en vigor na data sinalada en cada un deles. Do mesmo xeito, manterán a súa vixencia ata a data que explicitamente se indique en cada un deles.

Á finalización do período indicado, coa fin de manter a liña de colaboración xa iniciada e, no seu caso, elaborar, tramitar e formalizar un novo marco de colaboración que veña a dar continuidade ao convenio correspondente, poderán ser prorrogados polo prazo que estableza a lexislación vixente mediante acordo adoptado no seo da correspondente Comisión de Seguimento, logo da tramitación contable que resulte oportuna, e con especificación expresa da vixencia da prórroga.

O devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade á data que se estableza no propio convenio, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración, se fose o caso.

3.2.6 MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DOS CORRESPONDENTES CONVENIOS

3.2.6.1 MODIFICACIÓN DOS CORRESPONDENTES CONVENIOS

Os correspondentes convenios poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes.

Calquera modificación substancial dos correspondentes convenios que supoña a asunción de novos custos por calquera das partes, requirirá un estudo técnico e económico. As modificacións substanciais dos convenios requirirán a sinatura dunha addenda a aqueles, segundo o procedemento legalmente establecido.

3.2.6.2 EXTINCIÓN DOS CORRESPONDENTES CONVENIOS

Os correspondentes convenios extinguiranse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio e, no seu caso, das súas prórrogas.
- O mutuo acordo dos seus asinantes para a súa extinción ou novación, que deberá ser subscrito por escrito e coas mesmas formalidades que as do correspondente convenio.
- A novación subxectiva do convenio, consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, e que requirirá a previa comunicación deste á persoa que exerza a presidencia da Comisión de Seguimento do convenio correspondente, non máis tarde da data que se estableza no propio convenio.

Ante esta denuncia, no caso de que fose realizada polo Concello asinante, a dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte público optará entre a suspensión plena das medidas de fomento do transporte público previstas no convenio correspondente, ou a súa limitación ás contías sufragadas directamente pola Xunta de Galicia.

- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Nestes casos, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra ou obligue a cumprir á concesionaria do servizo, nun determinado prazo, as obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos, con indicación destes. Este requirimento será comunicado á persoa que exerza a presidencia da Comisión de Seguimento do convenio correspondente. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio correspondente. A resolución do convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados, se así se preveu no propio convenio.
- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio correspondente.

En caso de resolución dalgún dos convenios, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción daquel serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do correspondente convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.2.7 OUTRAS CONDICIÓN S

3.2.7.1 RÉXIME XURÍDICO

Os convenios de adhesión das administracións locais de Galicia á Área de Transporte de Galicia enmarcaranse no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, seralles de aplicación a previsión do apartado 5 do artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do Sistema de Transporte Público de Galicia.

A eses convenios non lles será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Eses convenios rexeranse polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo dos anteditos convenios, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

3.2.7.2 CONSECUENCIAS ADMINISTRATIVAS

A constitución da denominada Área de Transporte de Galicia levarase a cabo por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con efectos exclusivamente funcionais, sen que supoña a constitución de novos órganos administrativos, nin a atribución de personalidade xurídica propia, nin a atribución ou delegación de competencias propias de cada unha das Administracións Públicas asinantes dos correspondentes convenios.

3.2.7.3 COMUNICACIÓN S ENTRE AS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS

As comunicacións entre as Administracións Públicas participantes nos correspondentes convenios que garden relación coa súa aplicación, realizaranse por canles electrónica.

Nos correspondentes instrumentos de adhesión á ATG estableceranse o resto de regras para a xestión das comunicacións entre as Administracións Públicas adheridas á Área de Transporte de Galicia, incluída a habilitación do acceso a información derivada da

participación na dita área directamente a través da aplicación tecnolóxica de xestión da ATG, ou da utilización de contas de correo electrónico.

3.2.7.4 PUBLICIDADE

A firma dos correspondentes convenios suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten neles, e o resto de especificacións contidas nos mesmos, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

3.2.7.5 CONCELLOS RURAIS DE REDUCIDA POBOACIÓN

No caso de concellos rurais de reducida poboación, entendendo por tales os clasificados polo IGE como concellos cun subgrao de urbanización baixo ou intermedio que teñan menos de 2000 habitantes, así como aqueles nos que os traballos técnicos levados a cabo deran como resultado unha previsión de bonificación anual polo programa de política tarifaria da ATG inferior a 100 euros, procederase á aplicación directamente á totalidade de servizos públicos regulares colectivos de uso xeral de titularidade autonómica que se desenvolvan nos seus ámbitos territoriais das medidas de integración tarifaria que se establecen neste anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, sen necesidade de adopción de acordo de adhesión á ATG nin de formalización deste, asumindo a Xunta de Galicia o importe correspondente ás bonificacións tarifarias que lles sería imputables aos ditos concellos.

A implantación de actuacións previstas no programa de incremento da oferta de transporte público, de mellora da conectividade que requiran de acordo entre as Administracións local e autonómica, ou de bonificacións tarifarias sociais e bonificacións tarifarias zonais adicionais, requirirán da formalización dun convenio de adhesión do correspondente concello no que se recollerá o conxunto de actuacións específicas precisas para a súa implantación. A adhesión a calquera destes programas requirirá a asunción das obrigas previstas neste anexo do PTPG respecto da mellora na información e nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo, así como do resto de compromisos de carácter administrativo que o mesmo establece.

A participación dos concellos para a implantación de calquera dos programas indicados anteriormente, así como o resto de compromisos previstos neste documento para o resto de concellos, poderá ser suplida ou complementada mediante a adhesión das correspondentes Deputacións Provinciais, coas que a Xunta de Galicia formalizaría os correspondentes convenios de colaboración de adhesión. Neste caso, o conxunto de referencias que neste documento se fan aos correspondentes concellos, entenderanse feitas ás Deputacións Provinciais que se adhiran en substitución ou complementariamente a aqueles.

A presente disposición será aplicable aos concellos que se atopan na indicada situación a 1 de xaneiro de 2022 que se indican no anexo ao presente documento, podendo ser obxecto de revisión con motivo da propia revisión deste documento ou cando proceda a renovación dos convenios de formalización da adhesión logo do vencemento dos seus prazos de vixencia e das prórrogas que legalmente puidesen corresponder.

3.3 RELACIÓN CON OUTRAS INICIATIVAS

A implantación da Área de Transporte de Galicia forma parte dun conxunto máis amplo de medidas de fomento do uso do transporte público, que constitúen, á súa vez, o Plan de Transporte Público de Galicia.

De entre todas esas medidas, destaca, o propósito da Administración Autonómica de estendera toda Galicia a dispoñibilidade da tarxeta Xente Nova, que fará posible a implantación da antedita Área de Transporte de Galicia.

De feito, esa medida xa formaba parte do propio Plan de Transporte Público de Galicia que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 28 de novembro de 2018, dándosele así cumprimento á 11ª resolución aprobada polo Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 9 de outubro de 2018, no marco do debate anual de política xeral.

Nese sentido, a implantación da Área de Transporte de Galicia, ao vir acompañada da instalación, en todos os vehículos que presten servizo no sistema de transporte público de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, de máquinas con capacidade para cancelar viaxes mediante o emprego das tarxetas da Mobilidade de Galicia e da remisión dos datos das colectas ao sistema centralizado de recepción da información de recadación do antedito sistema de transporte público, permitirá o cálculo, e o posterior reintegro, das bonificacións correspondentes ao emprego da tarxeta Xente Nova para calquera viaxe realizado no sistema e, polo tanto, a súa extensión a toda Galicia.

4 IMPLANTACIÓN

Consonte co indicado nos apartados precedentes, a implantación da ATG efectuarase sobre a base da plena autonomía local, no exercicio conxuntamente das competencias sobre transporte público que lles corresponde tanto á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como ao conxunto dos concellos de Galicia, así como con base naquelas outras competencias concorrentes que, de xeito máis ou menos directo, xustifican plenamente unha actuación conxunta de impulso da mobilidade en transporte público. Polo tanto, a implantación das actuacións que, respecto da ATG, se veñen a incorporar ao PTPG, realizarase sobre a base dos principios de voluntariedade e colaboración, coa participación conxunta das Administracións Locais e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, cómpre garantir a apertura dun procedemento no que os concellos interesados en incorporarse á ATG e, coa dita incorporación, na introdución das melloras adicionais que o PTPG incorpora a través deste proxecto, disporán da información precisa e dun marco temporal no que se poderá materializar a dita integración.

Mais, resulta necesario que por parte da administración autonómica se estableza unha planificación do proceso de adhesión e de implantación, ante a necesidade de coordinar o exercicio da valoración que corresponde ás administracións, cara decidir a súa integración, coa propia realidade da oferta de transporte público, que se presta en ámbitos territoriais tanto municipais como supramunicipais, así como as necesidades tecnolóxicas e organizativas que supón a potencial integración da totalidade de concellos da Comunidade

Autónoma, incluídas as referentes á tramitación administrativa que levarán a cabo tanto a Xunta de Galicia como os concellos, e os traballos técnicos precisos para a efectiva implantación dos sistemas de bonificacións.

Para tal fin, a dirección xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes elaborará e publicitará un programa de integracións, no que terá en conta todos os elementos anteriores e definirá ámbitos territoriais e marcos temporais nos que se abrirá aos concellos de cada un dos ditos ámbitos a opción de adhesión. Consonte co dito marco temporal, e tendo en conta a habilitación que establecen os convenios polos que se establecen as Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia (ATM), preverase o marco temporal no que se facilitará a integración do conxunto do ámbito territorial definido por cada ATM e a conseguinte denuncia dos convenios vixentes polos que se regulaban estas, tal e como está previsto nos ditos convenios.

Anexo. Concellos rurais de reducida poboación aos que fai referencia o apartado 3.2.7.5 deste documento

| PROVINCIA | CONCELLO | SUBGRAO URBANIZACIÓN | POBOACIÓN | HOMES | MULLERES |
|------------|-------------------------|----------------------|-----------|-------|----------|
| Lugo | Negueira de Muñiz | ZPP baixa | 223 | 120 | 103 |
| Ourense | A Teixeira | ZPP baixa | 336 | 172 | 164 |
| Ourense | Beade | ZPP baixa | 379 | 198 | 181 |
| Ourense | Larouco | ZPP baixa | 427 | 208 | 219 |
| Ourense | Chandrexa de Queixa | ZPP baixa | 482 | 263 | 219 |
| Ourense | Pontedeva | ZPP baixa | 491 | 241 | 250 |
| Ourense | San Xoán de Río | ZPP baixa | 505 | 262 | 243 |
| Ourense | Vilariño de Conso | ZPP baixa | 513 | 293 | 220 |
| Lugo | Ribeira de Piquín | ZPP baixa | 513 | 270 | 243 |
| Ourense | Parada de Sil | ZPP baixa | 544 | 288 | 256 |
| Lugo | Muras | ZPP baixa | 611 | 310 | 301 |
| Ourense | Quintela de Leirado | ZPP baixa | 614 | 272 | 342 |
| Lugo | Triacastela | ZPP baixa | 627 | 313 | 314 |
| Ourense | Gomesende | ZPP baixa | 693 | 342 | 351 |
| Ourense | Punxín | ZPP baixa | 704 | 340 | 364 |
| Ourense | Montederramo | ZPP baixa | 705 | 378 | 327 |
| Ourense | Calvos de Randín | ZPP baixa | 717 | 367 | 350 |
| Ourense | Xunqueira de Espadanedo | ZPP baixa | 738 | 365 | 373 |
| Ourense | Os Blancos | ZPP baixa | 745 | 404 | 341 |
| Ourense | Lobeira | ZPP baixa | 769 | 383 | 386 |
| Ourense | Vilar de Santos | ZPP baixa | 791 | 384 | 407 |
| Ourense | Porqueira | ZPP baixa | 827 | 381 | 446 |
| Ourense | O Bolo | ZPP baixa | 828 | 420 | 408 |
| Ourense | Manzaneda | ZPP baixa | 846 | 415 | 431 |
| Ourense | A Veiga | ZPP baixa | 886 | 452 | 434 |
| Ourense | Verea | ZPP baixa | 914 | 441 | 473 |
| Ourense | Baltar | ZPP baixa | 919 | 496 | 423 |
| Lugo | Pedrafita do Cebreiro | ZPP baixa | 943 | 512 | 431 |
| Ourense | A Arnoia | ZPP baixa | 952 | 473 | 479 |
| Ourense | Beariz | ZPP baixa | 971 | 440 | 531 |
| Ourense | Castrelo do Val | ZPP baixa | 979 | 489 | 490 |
| Lugo | Ourol | ZPP baixa | 984 | 506 | 478 |
| Lugo | Folgozo do Courel | ZPP baixa | 989 | 512 | 477 |
| Ourense | A Mezquita | ZPP baixa | 1.006 | 528 | 478 |
| Lugo | As Nogais | ZPP baixa | 1.018 | 541 | 477 |
| Lugo | Navia de Suarna | ZPP baixa | 1.041 | 584 | 457 |
| Ourense | San Amaro | ZPP baixa | 1.048 | 502 | 546 |
| Pontevedra | Dozón | ZPP baixa | 1.057 | 550 | 507 |
| Ourense | Cortegada | ZPP baixa | 1.061 | 523 | 538 |
| Ourense | A Bola | ZPP baixa | 1.075 | 508 | 567 |

| PROVINCIA | CONCELLO | SUBGRAO URBANIZACIÓN | POBOACIÓN | HOMES | MULLERES |
|-----------|--------------------------|-------------------------|-----------|-------|----------|
| A Coruña | Cerdido | ZPP baixa | 1.075 | 528 | 547 |
| A Coruña | As Somozas | ZPP baixa | 1.076 | 547 | 529 |
| Ourense | Cenlle | ZPP baixa | 1.094 | 542 | 552 |
| A Coruña | Toques | ZPP baixa | 1.101 | 564 | 537 |
| Ourense | Esgos | ZPP baixa | 1.109 | 564 | 545 |
| Ourense | Sarreaus | ZPP baixa | 1.114 | 547 | 567 |
| Lugo | Trabada | ZPP baixa | 1.114 | 538 | 576 |
| Ourense | Entrimo | ZPP baixa | 1.128 | 539 | 589 |
| Ourense | Melón | ZPP baixa | 1.135 | 548 | 587 |
| Ourense | Piñor | ZPP baixa | 1.162 | 597 | 565 |
| Ourense | Sandiás | ZPP baixa | 1.181 | 565 | 616 |
| Ourense | Castro Caldelas | ZPP baixa | 1.182 | 599 | 583 |
| Lugo | Baleira | ZPP baixa | 1.190 | 641 | 549 |
| A Coruña | Moeche | ZPP baixa | 1.200 | 573 | 627 |
| Lugo | Riotorto | ZPP baixa | 1.213 | 607 | 606 |
| A Coruña | Vilarmaior | ZPP baixa | 1.219 | 626 | 593 |
| A Coruña | Vilasantar | ZPP baixa | 1.219 | 643 | 576 |
| Lugo | Samos | ZPP baixa | 1.222 | 648 | 574 |
| Ourense | Laza | ZPP baixa | 1.222 | 632 | 590 |
| Ourense | Rairiz de Veiga | ZPP baixa | 1.223 | 625 | 598 |
| Ourense | A Gudiña | ZPP baixa | 1.232 | 625 | 607 |
| A Coruña | A Capela | ZPP baixa | 1.242 | 617 | 625 |
| Ourense | Carballeda de Avia | ZPP baixa | 1.249 | 610 | 639 |
| Ourense | Vilar de Barrio | ZPP baixa | 1.258 | 636 | 622 |
| Ourense | Trasmiras | ZPP baixa | 1.261 | 632 | 629 |
| Lugo | Cervantes | ZPP baixa | 1.288 | 742 | 546 |
| A Coruña | Mañón | ZPP baixa | 1.309 | 646 | 663 |
| Ourense | Castrelo de Miño | ZPP baixa | 1.321 | 668 | 653 |
| A Coruña | Irixoa | ZPP baixa | 1.340 | 677 | 663 |
| Lugo | O Páramo | ZPP baixa | 1.347 | 675 | 672 |
| Ourense | Xunqueira de Ambía | ZPP baixa | 1.366 | 689 | 677 |
| Lugo | Portomarín | ZPP baixa | 1.382 | 717 | 665 |
| Ourense | Rubiá | ZPP baixa | 1.390 | 682 | 708 |
| Ourense | O Irixo | ZPP baixa | 1.401 | 674 | 727 |
| Lugo | Bóveda | ZPP baixa | 1.407 | 718 | 689 |
| Ourense | Muíños | ZPP baixa | 1.447 | 732 | 715 |
| Ourense | Taboadela | ZPP baixa | 1.452 | 738 | 714 |
| Ourense | Riós | ZPP baixa | 1.459 | 749 | 710 |
| Ourense | Carballeda de Valdeorras | ZPP baixa | 1.460 | 759 | 701 |
| Ourense | Baños de Molgas | ZPP baixa | 1.483 | 743 | 740 |
| Ourense | Bande | ZPP baixa | 1.490 | 755 | 735 |



| PROVINCIA | CONCELLO | SUBGRAO URBANIZACIÓN | POBOACIÓN | HOMES | MULLERES |
|------------|--------------------------|-------------------------|---------------------------|-------|----------|
| Ourense | Ramirás | ZPP baixa | 1.507 | 705 | 802 |
| Ourense | Leiro | ZPP baixa | 1.510 | 743 | 767 |
| Lugo | O Incio | ZPP baixa | 1.521 | 771 | 750 |
| Lugo | Rábade | ZPP baixa | 1.524 | 754 | 770 |
| A Coruña | Santiso | ZPP baixa | 1.529 | 794 | 735 |
| Pontevedra | Fornelos de Montes | ZPP baixa | 1.594 | 766 | 828 |
| Lugo | A Pobra do Brollón | ZPP baixa | 1.615 | 794 | 821 |
| Lugo | Pol | ZPP baixa | 1.634 | 816 | 818 |
| Ourense | Cualedro | ZPP baixa | 1.639 | 860 | 779 |
| Ourense | Padrenda | ZPP baixa | 1.653 | 799 | 854 |
| Lugo | O Vicedo | ZPP baixa | 1.657 | 812 | 845 |
| Ourense | Lobios | ZPP baixa | 1.672 | 838 | 834 |
| Ourense | Oímbra | ZPP baixa | 1.713 | 936 | 777 |
| Lugo | Paradela | ZPP baixa | 1.723 | 861 | 862 |
| Lugo | Meira | ZPP baixa | 1.731 | 876 | 855 |
| Ourense | Avión | ZPP baixa | 1.738 | 790 | 948 |
| Lugo | Xermade | ZPP baixa | 1.768 | 867 | 901 |
| Pontevedra | Campo Lameiro | ZPP baixa | 1.769 | 831 | 938 |
| A Coruña | Sobrado | ZPP baixa | 1.778 | 923 | 855 |
| Ourense | Vilardevós | ZPP baixa | 1.781 | 938 | 843 |
| Ourense | A Peroxa | ZPP baixa | 1.826 | 906 | 920 |
| A Coruña | Aranga | ZPP baixa | 1.833 | 941 | 892 |
| Ourense | Vilamartín de Valdeorras | ZPP baixa | 1.837 | 940 | 897 |
| A Coruña | Coirós | ZPP baixa | 1.873 | 929 | 944 |
| Ourense | Vilamarín | ZPP baixa | 1.882 | 978 | 904 |
| A Coruña | Monfero | ZPP baixa | 1.908 | 977 | 931 |
| Lugo | Antas de Ulla | ZPP baixa | 1.935 | 954 | 981 |
| Ourense | A Merca | ZPP baixa | 1.939 | 968 | 971 |
| A Coruña | Boimorto | ZPP baixa | 1.943 | 972 | 971 |
| Pontevedra | Crecente | ZPP baixa | 1.961 | 952 | 1.009 |
| Lugo | Sober | ZPP baixa | Estimación achega < 100 € | | |
| Lugo | Baralla | ZPP baixa | Estimación achega < 100 € | | |
| Ourense | Monterrei | ZPP baixa | Estimación achega < 100 € | | |
| Pontevedra | Mondariz-Balneario | ZPP intermedia | 675 | 343 | 332 |
| Ourense | Petín | ZPP intermedia | 879 | 436 | 443 |
| Lugo | Ribas de Sil | ZPP intermedia | 946 | 481 | 465 |
| Ourense | Paderne de Allariz | ZPP intermedia | 1.373 | 674 | 699 |
| Lugo | Alfoz | ZPP intermedia | 1.610 | 781 | 829 |
| Lugo | O Valadouro | ZPP intermedia | 1.960 | 935 | 1.025 |